

AS PEGADAS DO TEMPO

A Constitución de 1812

Nome _____ Data _____

19 de marzo de 1812

O 19 de marzo de 1812, España converteuse nun dos primeiros países do mundo, tras Estados Unidos e Francia, en romper co réxime absolutista e proclamar unha constitución de carácter liberal.

A Constitución de 1812 foi aprobada no Oratorio de San Filipe Neri, onde se realizaban as reunións das Cortes de Cádiz. A súa aprobación foi o mesmo día en que se celebraba a festividáde de San Xosé, de aí que se coñeza co sobrenome de *La Pepa*.

O texto estruturouse en 384 artigos divididos en dez títulos. Establecía a soberanía nacional, a separación de poderes, o sufraxio universal masculino, a igualdade dos cidadáns ante a lei, a liberdade de expresión e a liberdade persoal, entre outros dereitos. Por primeira vez na historia da humanidade, un texto legal propoñía que os dereitos e as liberdades dos cidadáns se estendesen a todos os seres humanos, independentemente da súa condición social ou a cor da pel.

Tras a aprobación da Constitución celebrouse unha misa e era tan forte o vento que sopraba ese día que chegou a tronzar unha árbore na porta da igrexa. Un dos deputados que alí estaban escribiu: «Algúns dos circunstantes (entre os cales estaba eu) non por superstición, senón como en burla, aludiron a que podería ser funesto agoiro da sorte da lei nova».



1 Le o texto e contesta.

- Cando e onde foi aprobada a Constitución de 1812? _____

- Que é un réxime absolutista? E un liberal? _____

- Que establecía a Constitución de 1812? _____

- 2** Lembra cal era a situación de España en 1812.

- 3** Explica o último parágrafo do texto. Que pasou coa Constitución de 1812 cando regresou Fernando VII?

- 4** Compara estes artigos da Constitución de 1812 cos da actual Constitución de 1978. Contesta as preguntas.

Constitución de 1812	Constitución de 1978
<p>Art. 3. A soberanía reside esencialmente na Nación e, polo mesmo, perténcelle a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.</p> <p>Art. 14. O Goberno da Nación española é unha monarquía moderada hereditaria.</p> <p>Art. 15. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei.</p> <p>Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.</p> <p>Art. 17. A potestade de aplicar as leis nas causas civís e criminais reside nos tribunais establecidos pola lei.</p>	<p>Artigo 1</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político. 2. A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado. 3. A forma política do Estado español é a Monarquía parlamentaria.

- Explica os termos de «soberanía nacional» e «separación de poderes».

- Que tipo de monarquías establecen ambas as constitucións? En que se diferencian e en que se parecen?
